

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

VENRES 11 DE NOVEMBRO NA UB

Manuel Lourenzo falará de Cunqueiro e o teatro

O autor, actor e director de teatro Manuel Lourenzo, un dos nomes fundamentais do teatro galego das últimas décadas, falará sobre "A vocación teatral de Álvaro Cunqueiro". Lourenzo abordou en diversas ocasións a dirección de pezas teatrais do autor de Mondoñedo. Informa [Filologies Gallega i Portuguesa](#).

- 20:54 03/11/2005

Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, Lugo, 1943), é un home de teatro e para o teatro (escritor, director e actor) premiado en numerosas ocasións. Impulsou o teatro independente galego e fundou o Grupo Teatral O Facho (1965), Teatro Circo (1967), Escola Dramática Galega (1978), Compañía Luís Seoane (1980), Clube Teatral Elsinor (1990) e Casahamlet (1998). Entre a súa máis que abundosa obra poderíamos citar: *Xoana*, *Electra*, *Liturxia de Tebas*, *Veladas indecentes*, *Últimas faíscas de setembro* ou *Lionel*.

[a href='http://www.culturagalega.org/avg/persoas_detalle.php?

Cod_prsa=678&busca=manuel%20lourenzo' target='blank']Manuel Lourenzo

Cod_prsa=678&busca=manuel%20lourenzo' target='blank']Manuel Lourenzo

A vocación teatral de Álvaro Cunqueiro

Venres 11 de novembro de 2005 ás 19 h.

Edifici Històric - Aula 111

Gran Via de les Corts Catalanes, 585 | 08007 Barcelona

Ver <<http://www.ub.edu/filgalport/act/lourenzo.pdf>>cartel

Organiza: [Filologies Gallega i Portuguesa](#).